


TERMOS S. XX TEMA 8

	Bienio Negro: segundo período da Segunda República comprendido entre novembro 1933 e febreiro 1936. Foi cualificado así (e tamén como rectificador e contrarreformista) polas esquerdas debido ás medidas revisionistas e conservadoras tomadas polos gobernos de dereitas radical-cedistas, que paralizaron moitas das leis reformistas do primeiro bienio republicano e exerceron unha dura represión sobre os participantes na revolución de outubro de 1934.
	Brigadas Internacionais: unidades militares de voluntarios estranxeiros que participaron na Guerra Civil española apoiando á Segunda República. Estaban formadas por brigadistas, procedentes de máis de 50 países de Europa e América, organizados a través dos partidos de esquerda socialistas e comunistas dos seus respectivos países. Foron retirados en outubro de 1938 pola presión internacional.
	CEDA: siglas da Confederación Española de Dereitas Autónomas, unha coalición de partidos conservadores e católicos fundada en 1933 por Gil Robles. Definíase como contrarrevolucionaria e antimarxista, defensora da relixión, a familia e a propiedade, e esixía a revisión da Constitución de 1931 para adecuala aos principios cristiáns. Formou parte do Goberno da Segunda República, en coalición co Partido Radical, entre 1934 e 1935.
	Fronte Popular: coalición electoral creada en xaneiro de 1936 polos principais partidos obreiros e republicanos de esquerda. Tras vencer nas eleccións de febreiro de 1936, serviu de apoio á política reformista desenvolvida polos gobernos formados por republicanos de esquerda encabezados por Azaña e Casares Quiroga.
	Lexión Cóndor: denominación da forza de intervención alemá, fundamentalmente aérea, coa que o III Reich de Hitler apoiou ao bando sublevado franquista durante a Guerra Civil española. Foi clave e responsable de numerosos ataques a posicións republicanas e sobre a poboación civil, destacando os bombardeos de Madrid, Guernica e Barcelona.
	Sanjurjada: intento fracasado de golpe de Estado encabezado polo xeneral Sanjurjo o 10 de agosto de 1932 en Sevilla contra a Segunda República que contaba co apoio dalgúns militares, monárquicos e latifundistas andaluces. Controlado polo Goberno, os seus participantes foron detidos e condenados. Como reacción, republicanos e socialistas aproximaron as súas posicións, o que permitiu a aprobación do Estatuto de Autonomía de Cataluña e a Lei de Reforma Agraria que intentaban impedir os golpistas.